

PLAN

DE ORIENTACIÓN

EDUCATIVA

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

CURSO 2015-16

XEFE DO DEPARTAMENTO: JUAN V. SEPÚLVEDA GRADÍN

INDICE

- 1.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO
- 2.- OBXECTIVOS XERAIS
- 3.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN
 - a) Alumnos
 - b) Pais
 - c) Profesores
- 4.- ACTIVIDADES
 - a) Relacionadas coa inclusión e a atención á diversidade.
 - b) Relacionadas coa acción titorial.
 - c) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores.
 - d) Relacionadas co plan de orientación.
 - e) Relacionadas cos procesos de avaliación.

1.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Orientación do IES 12 DE Outubro no curso 15-16 estará integrado polos seguintes membros:

Sepúlveda Gradín, Juan V.	Orientador. Xefe Departamento
Sabucedo Montes, Ángeles	Profesora Pedagogía Terapéutica
Áurea Pérez Bernárdez	Profesora Pedagogía Terapéutica
Maceiras, Isabel	Profesora F.O.L.
Teresa Pérez Salgado	Profesora Ámbito científico
Sampayo González, Manuel	Profesor Ámbito lingüístico
Alvarez Martinez, Concepción	Orientadora do C.E.I.P. A Ponte
Rodríguez Vázquez, Nieves	Orientadora do C.E.I.P. Albino Núñez

2.- OBXECTIVOS

O Plan de Orientación Académica e Profesional pretende os seguintes obxectivos xerais:

- a) Favorecer a integración e participación do alumnado na vida do instituto así como promover actitudes positivas de respecto hacia sí mesmo, os outros e o seu entorno.
- b) Realizar un seguimento personalizado do proceso da aprendizaxe do alumnado con énfases especial na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara o estudo, a comprensión na fala e na escrito e a capacidade para a resolución de problemas.
- c) Implantar as medidas educativas necesarias para dar resposta as necesidades detectadas.
- d) Contribuír ó desenvolvemento dos aspectos afectivos e sociais da personalidade para fomenta-lo crecemento e a autorrealización persoal.
- e) Facilitar os procesos de toma de decisións dos alumnos respecto o seu futuro académico e profesional.
- f) Establecer canles de información e comunicación coas familias.

3.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

As funcións do departamento de orientación diríxense aos tres estamentos da comunidade educativa: profesores, pais e alumnos.

a) Alumnos:

Os destinatarios principais das actividades do Departamento de Orientación son os alumnos. Estas actividades se dividen en tres apartados xerais:

- a) Apoio o proceso de aprendizaxe: Englóbase neste apartado todo o relacionado co rendemento académico, prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe, así como a aplicación das medidas educativas axeitadas para a atención a diversidade.
- b) Madurez vocacional e profesional: Refírese ás cuestións de intereses e preferencias dos alumnos en relación as diferentes áreas de coñecementos e ás distintas alternativas que se lles ofrecen ó finalizar tanto os seus estudos de ensino secundario obrigatorio como de bacharelato.
- c) Desenvolvemento persoal: A educación tal e como se concibe na lei, non se refire só ao que podemos considerar especificamente académico, senón que tamén o desenvolvemento integral da personalidade é unha cuestión fundamental na educación e, por suposto, non menos importante cos aspectos de rendemento académico.

b) Pais:

A familia constitúe un factor de primeiro orde no só no desenvolvemento da personalidade senón tamén no proceso de ensino-aprendizaxe. Non tería ningún senso deixar exclusivamente en mans do centro escolar a educación dos alumnos. Por outra banda non podemos esquecer ca familia é un dos factores de socialización máis importantes, polo tanto é obxectivo deste departamento manter unha estreita colaboración cos pais, implicándoos no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, no desenvolvemento da súa madurez vocacional e no seu desenvolvemento persoal e social.

c) Profesores:

“A titoría e a orientación dos alumnos formará parte da función docente.” A lei o expresa deste xeito tan claro. O traballo do profesor implica pois unha actuación educativa globalizada e personalizada, que supera a mera transmisión de coñecementos.

Esta actuación educativa non pode entenderse sen unha estreita colaboración entre o Departamento de Orientación e o equipo de titores e profesores en xeral. Polo tanto, esta colaboración debe levarse a cabo na dobre vertente: por unha banda, o departamento aporta axuda técnica ós profesores no exercicio da súa labor educativa; por outra, debe ter en conta as aportacións realizadas por eles, imprescindibles para que os obxectivos do departamento poidan cumprirse.

4.- ACTIVIDADES

a) Relacionadas coa inclusión e a atención á diversidade:

- Avaliacións iniciais:

A finais de setembro ou primeiros días de outubro o Departamento colaborará cos profesores na realización das avaliacións iniciais. O Orientador realizará as avaliacións psicopedagóxicas de tipo individual que sexan necesarias e tamén realizará probas colectivas psicopedagóxicas aos alumnos de 1º de E.S.O.

Recursos persoais: Profesores e Orientador

Instrumentos: Probas de aptitudes e específicas de coñecementos previos.

Datas: Meses de setembro e outubro.

- Revisión dos casos detectados no curso pasado:

No mes de setembro e en colaboración coas profesoras de apoio e os profesores do curso pasado revisaranse aqueles alumnos que foran detectados nos cursos anteriores e requiriran algún tipo de apoio, reforzo, etc.

- Alumnos para apoio e agrupamentos específicos:

En colaboración coas profesoras de Pedagogía terapéutica, tutores e profesores, e tendo en conta os rendementos de anos anteriores e os resultados das avaliacións iniciais, se decidirá que alumnos se incluírán nos agrupamentos de 1º e 2º da ESO así como os que recibirán apoio por parte das profesoras de pedagogía terapéutica.

- Actuacións respecto as adaptacións curriculares individualizadas:

Revisaranse as adaptacións que estean feitas e colaborarase na modificación e realización daquelas que sexan necesarias.

- Avaliacións psicopedagóxicas:

Aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxes ou calquera outro problema, serán avaliados de xeito individual e aplicaranse as medidas precisas que se estimen axeitadas de acordo cos resultados de dita avaliación. Realizaranse as entrevistas que sexan necesarias cos pais e profesores deses alumno.

Suxeitos: Alumnos con problemas.

Recursos persoais: Orientador e Profesoras de Apoio.

Instrumentos: Probas estandarizadas, cuestionarios, observación e entrevistas.

Datas: Ao longo de todo o curso pero principalmente no primeiro trimestre

- Seguimento dos alumnos de 4º do programa de diversificación curricular.

- Actividades de asesoramento ás familias:

A comezos do curso manterase unha reunión cos pais dos alumnos de 1º da ESO.

Entrevistas cos pais daqueles alumnos que as soliciten.

b) Relacionadas coa acción tutorial:

A acción tutorial recae fundamentalmente nos titores de cada curso, pero é obriga do Departamento de Orientación colaborar con eles nesas funcións de tutoría. Neste sentido a primeira actuación do departamento, será:

1. Reunións cos titores

Solicitar ao Xefe de Estudos a convocatoria dunha reunión nos primeiros días de curso cos titores dos catro cursos da ESO para acordar as actividades a realizar nas sesións de tutoría.

Reunións cos titores de 4º de Diversificación Curricular, de 2º do Programa de Cualificación Inicial Profesional e da Formación Profesional Básica.

Temas que se proporán aos titores para traballar nas sesións de tutoría:

2. Elección de delegados de grupo:

Tódolos grupos deben elixir un delegado e subdelegado. Con estas actividades se pretende que a elección destes cargos se realice por parte dos alumnos de forma seria e responsable, desenvolvendo actitudes e comportamentos democráticos.

Suxeitos: Alumnos de todos os cursos.

Recursos persoais: Titores.

Instrumentos: Programa específico elaborado polo Departamento.

Datas: Mes de setembro.

3. Tutorías pre e postavaliación. Actividades respecto ás avaliacións académicas

O Departamento participará no seguimento do rendemento académico dos alumnos a través da participación nas sesións de avaliación. Proporcionará aos titores unhas actividades para levar a cabo nas sesións de tutoría anterior e posterior as sesións de avaliación. Nelas preténdese cos alumnos reflexionen sobre a súa actitude ante o estudo durante o trimestre e sobre o rendemento obtido, propoñendo as medidas para a mellora desas cuestións.

Suxeitos: Tódolos alumnos.

Recursos persoais: Titores.

Instrumentos: Programas específicos elaborados polo Departamento.

Datas: Antes e despois de cada unha das avaliacións trimestrais.

4. Programa sobre convivencia e resolución de conflitos

Suxeitos: Alumnos de 3º ESO

Recursos persoais: Centro Quérote+

Datas: No segundo trimestre

5. Programa sobre prevención da SIDA:

Suxeitos: 1º e 4º de ESO.

Recursos persoais: Titores e orientador.

Instrumentos: Programa de información sobre prevención da SIDA elaborado polo Departamento.

Datas: Segundo/terceiro trimestre.

6. Métodos de estudio:

En colaboración cos titores aplicarase un programa de técnicas e hábitos de estudo. O obxectivo deste programa é ensinar ós alumnos técnicas sinxelas de estudo, baseado no principio de ler e comprender. Tentarase acadar que os profesores incorporen na súa labor docente o ensinar a estudar á súa materia.

Nas reunións que se celebren cos profesores indicaráselles como facelo.

Suxeitos: Tódolos cursos da ESO

Recursos persoais: Titores e profesores

Instrumentos: Programa elaborado polo Departamento

Datas: Primeiro e segundo trimestres

c) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Establecemento de normas:

Nas titorías desenvolverase un programa titulado "As nosas normas" co que búscase cos alumnos de cada grupo establezan as súas normas de convivencia a partir do Regulamento de Réxime Interno do Instituto e sexan quen de observalas o longo do curso.

Suxeitos: Tódolos cursos da ESO

Recursos persoais: Orientador e titores

Instrumentos Programa elaborado polo departamento

Datas: Durante todo o curso.

- Intervención en problemas de relación entre compañeiros:

Tendo en conta os problemas que con carácter xeral prodúcense tódolos anos en case tódolos grupos, ofreceráselle ós profesores a axuda do departamento para a aplicación dun programa de intervención en conflitos. O fundamento deste programa é responsabilizar aos alumnos sobre a necesidade das normas e do seu respecto. Ademais procurarase que os propios alumnos sexan capaces de resolver os seus conflitos a través do diálogo.

Suxeitos: Tódolos cursos.

Recursos persoais: Orientador, alumnos e titores.

Datas: Durante todo o curso.

d) Relacionadas co plan de orientación:

A actividades dirixidas a conseguir unha axeitada madurez vocacional que lles permita ós alumnos unha toma de decisións respecto ó seu futuro académico e profesional se engloban dentro das actividades de orientación vocacional.

O modelo de orientación a seguir, será un modelo de orientación por programas, completado cun programa de asesoramento individualizado para aqueles casos co requiran. Se proporcionará aos titores un programa detallado para a súa aplicación aos alumnos.

1. Programa de orientación escolar en 2º e 3º ESO

A orientación é un proceso que se desenvolve ó longo de toda a escolaridade polo que é intención deste departamento programar actividades de orientación vocacional nestes cursos da ESO. Nas actividades a levar a cabo nas sesións de titoría os alumnos serán informados sobre as materias dos cursos seguintes e sobre a importancia para o seu futuro persoal de acadar o título de Graduado en Educación Secundaria.

Celebrarase unha reunión cos pais de alumnos de 3º para informar sobre as optativas de 4º e as saídas unha vez rematada a ESO.

2. Programa de orientación escolar en 4º ESO

A importancia da orientación acada mais relevancia no derradeiro curso da ESO. O programa de orientación vocacional estrutúrase en tres apartados, cada un con obxectivos e actividades concretas:

a. *Actividades de coñecemento de si mesmo:* Se pretende que os alumnos reflexionen sobre as súas aptitudes, intereses e tipo de motivación así como realicen unha axeitada valoración do seu rendemento académico anterior e sobre as súas posibilidades futuras. Como axuda ó coñecemento dun mesmo se aplicarán probas de tipo psicotécnico para avaliar as aptitudes intelectuais, características de personalidade, intereses, etc. dos alumnos.

b. *Actividades de información:* Información por parte do orientador sobre as distintas alternativas, tanto académicas (estudos de Bacharelato, Formación Profesional, universitarios e outros estudos) como profesionais, que se lles ofrecen unha vez rematados os estudos de ESO. Se pretende que os alumnos teñan un coñecemento claro da estrutura e características do sistema educativo español para que a toma de decisións se leve a cabo co menor risco de error posible.

c. *Toma de decisións*: Se pretende que os alumnos, unha vez realizadas as actividades anteriormente descritas, aprendan a tomar decisións sobre o seu futuro inmediato. Estas actividades terán un carácter eminentemente práctico.

Suxeitos: Alumnos de 4º da ESO.

Recursos persoais: Orientador e titores.

Instrumentos: Cuestionarios, test, programas informáticos, documentos informativos (Guías das Universidades, Consellería, xornais, revistas, etc.)

Datas: Segundo e terceiro trimestre.

3. Programa Orientación Vocacional e Profesional no Bacharelato:

Nos cursos 1º e 2º de BAC aplicarase un programa de orientación académico profesional con características similares ao aplicado na ESO.

En colaboración coa Universidade de Vigo celebrarase unha xornada de información universitaria.

Suxeitos: Alumnos de BAC.

Recursos persoais: Orientador e titores.

Instrumentos: Cuestionarios, test, programas informáticos, documentos informativos (Guías das Universidades, Consellería, xornais, revistas, etc.)

Datas: Segundo e terceiro trimestre.

4. Orientación profesional nos ciclos de F.P.:

Levarase a cabo a realización de actividades de orientación profesional cos alumnos de 2º das distintas modalidades de Formación Profesional en estreita colaboración co departamento de F.O.L., os titores e o profesor responsable da Formación en Centros de Trabajo.

Suxeitos: Alumnos de 2º curso de ciclos formativos.

Recursos persoais: Orientador e titores.

Instrumentos: Cuestionarios, test, programas informáticos, documentos informativos (Guías das Universidades, Consellería, xornais, revistas, etc.)

Datas: Terceiro trimestre.

Os obxectivos fundamentais do programa son: proporcionar ós alumnos habilidades para a inserción profesional, tanto respecto ó traballo por conta allea como o autoemprego, e darlles a coñecer as posibilidades de acceso a titulacións superiores.

5. Orientación profesional en 2º de PCPI e FPB:

Terá a mesma estrutura e dinámica co programa de FP.

6. Asesoramento individualizado:

Preténdese que todos os alumnos de 2º de BAC, de 4º da ESO, 2º de PCPI e 2º de FPB manteñan unha entrevista persoal co orientador co fin de solucionar calquera dúbida que teñan respecto a súa elección académica ou profesional.

Colaborarase cos titores na confección do Consello Orientador Individualizado obrigatorio para os alumnos de 4º ESO.

Tamén cos alumnos doutros cursos que así o requiran, manteranse entrevistas persoais para solucionar as súas dúbidas.

6. Asesoramento ás familias:

Dentro das actividades de orientación vocacional se prestará especial atención á comunicación cas familias, para elo se programarán reunións informativas cos pais dos alumnos de 4º da ESO e BAC para darlles a coñecer as diversas modalidades do bacharelato, os ciclos formativos da Formación Profesional, os distintos estudos universitarios, outros tipos de estudos e as posibilidades que ofrece o mundo laboral.

Ademais desta información de tipo xeral para tódolos pais, teranse entrevistas persoais cos pais para una información máis detallada respecto á orientación vocacional dos seus fillos.

e) Relacionadas cos procesos de avaliación:

Toda intervención debe de ser avaliada para comprobar a súa adecuación ós fins propostos. A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso e ó fin do mesmo.

Nas reunións semanais do departamento irase facendo unha avaliación continua do presente Plano de Orientación.

Ó remate do curso solicitarase tanto dos alumnos coma dos profesores que cumprimenten un cuestionario de avaliación sobre o funcionamento xeral do departamento. Na memoria anual exporanse as medidas, tendo en conta os resultados obtidos, que se consideren máis axeitadas para o vindeiro curso.

No mes de xuño tendo en conta as actas das reunións do Departamento se realizará unha Memoria na que se recollerá polo menos os seguintes aspectos:

- As modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do Plan de Orientación.
- A valoración do grado de cumprimento dos obxectivos.
- Conclusións e propostas de mellora.